

## MANIFESTO LIDO EN PONTEVEDRA NA MANIFESTACIÓN DO 25.04.08 POR CESAR BUGALLO

Boas noites e parabéns por estar hoxe aquí; parabéns por defender unha volta máis a nosa Ría; por defender a vocación natural da Ría de Pontevedra, que non é outra que a da explotación racional do marisqueo, a pesca e o turismo; por defender unha explotación racional dos nosos montes, que non poden seguir sendo utilizados como fonte exclusiva de riqueza para a empresa ENCE; por defender o dereito á paisaxe e ao lecer. Grazas e parabéns, en resume, por defender un modelo económico sustentábel fronte á destrución do noso medio ambiente, dos recursos naturais, da nosa economía e da calidade de vida das persoas.

A Ría está en perigo. A presenza do complexo ENCE-ELNOSA, un complexo ilegal e contaminante, condenado por delito ecolóxico continuado, impide desde hai xa demasiado tempo o seu saneamento e recuperación e pon en perigo a nosa calidade de vida. O almacenamento de importantes cantidades de cloro en Lourizán supón unha ameaza permanente para as nosas vidas, e os responsables de que o complexo permaneza por máis tempo na súa actual ubicación serán responsables tamén do que poida ocorrer se esta ameaza chega a ser nalgún momento realidade.

Atopámonos hoxe nun momento de especial transcendencia no proceso de loita contra a presenza do complexo CELULOSAS-ELNOSA na nosa Ría, un momento que mesmo pode ser decisivo. CELULOSAS e ELNOSA teñen solicitado da Xunta de Galicia a Autorización Ambiental Integrada, unha licenza medioambiental sen a cal non poden continuar a súa actividade.

Nin ENCE nin ELNOSA cumpren os requisitos fixados pola Lei para que a Consellería de Medio Ambiente poida concederlles a citada autorización ambiental:

- Téñense superado amplamente os prazos establecidos para a tramitación das autorizacións, o que, dacordo coa Lei, implica a súa desestimación.
- Non teñen conquirido o Informe Urbanístico favorábel do Concello de Pontevedra, un requisito preceptivo e vinculante na tramitación da autorización ambiental que nos ocupa.
- Seguen incumprindo boa parte da lexislación medioambiental de aplicación ao complexo, de forma particular o “Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas” e a “Licenza de vertido”.

Hai, xa que logo, razóns dabondo para denegarlles a autorización ambiental integrada ás dúas empresas, pero moito nos tememos que a Consellería de Medio Ambiente responsable desta tramitación, estean a barallar a concesión desta licenza a ENCE e a ELNOSA, o que suporía un paso máis na consolidación do complexo na nosa Ría.

Lonxe de levar adiante o acordo programático de goberno, que aseguraba a desaparición do complexo da nosa Ría, a Xunta de Galicia amosa unha evidente falta de vontade política para dar solución ao problema e unha actitude de sometemento aos intereses empresariais.

A concesión das autorizacións ambientais integradas a ENCE e a ELNOSA suporía o enfrontamento do goberno galego coa posición maioritaria da poboación, que co o apoio decidido do Goberno Municipal de Pontevedra, ten apostado polo saneamento e a recuperación da Ría e polo fin da actividade industrial de ENCE-ELNOSA en Lourizán, unha esixencia que quere ver cumprida con anterioridade ao ano 2018.

Estamos convencidos de que só a mobilización social será quen de conquistar que, nesta longa loita, a forza da razón remate por se impoñer ás razóns da forza; de que só a nosa forza mobilizadora conseguirá impedir a concesión das autorizacións ambientais ao complexo ilegal de Lourizán e a súa consolidación na nosa Ría. O voso apoio é a nosa forza.

Grazas unha vez máis pola vosa presenza hoxe aquí e ate sempre.